


LUGOCULTURAL



XXVIII MARATÓN FOTOGRAFICO

novembro * 2022



  lugocultural
www.lugocultural.gal
#LugoCultural2022

Bases

1. Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos que o desexen.
 2. **Prazo de inscricións: ata as 13:00 h. do día 2 de novembro de 2022. Mandarase follla de inscrición, DNI escaneándose e certificado de conta.** "Se non se entrega dentro do prazo todo este material non se poderá participar no Maratón".
 3. A data de celebración será o **6 de novembro**. Todos e todas as inscritas deberán estar na Casa do Saber ás 9:30 da mañá para recibir o tema elixido pola organización, os e as participantes que non asistan ás 9:30 h. da mañá só poderán participar na sección tema proposto.
 4. Só haberá modalidade dixital. **Participarase obrigatoriamente en dous temas (tema proposto pola organización e tema libre)**, a xente que non asista a reunión das 9:30 o día 6 só poderá participar no tema proposto pola organización que aparecerá na páxina de instagram de Lugo Cultural a partir das 11:30 da mañá) e cunha única fotografía por tema. A maiores **este ano haberá unha terceira modalidade e premio** (novidade sorpresa RC) que será anunciado na propia reunión do día 6 e na que só poderán participar os que asistan a reunión. As fotografías poderan realizarse en branco e negro ou cor.
 5. Entrega e selección das fotografías que se presentarán ao certame:
O 7 de novembro ata as 10:30 h, entrega por correo electrónico ou WeTransfer con suficiente calidade a cultura.lugo@usc.gal As fotos deberán remitirse en formato .jpg, cun máximo de 3.543×2.362 píxeles (equivalente a unha imaxe de 30×20 a 300 ppp). Cada fotografía arquivarase co nome do tema ao que corresponde.
6. **PREMIOS***:
 - Premio Carlos Valcárcel á mellor fotografía do certame, dotado con 350 euros, trofeo e diploma
 - Premio Eduardo Ochoa á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 300 euros, trofeo e diploma
 - Premio á mellor fotografía de tema libre, dotado con 250 euros, trofeo e diploma
 - Este ano haberá unha modalidade nova coa dotación de 250 euros que se dará a coñecer o día da reunión o día 6 de novembro
 - Elixiránse tamén 12 fotografías para o calendario do Lugo Cultural 2023
 - As 20 mellores fotos formarán parte da exposición que se levará a cabo do 21/11 ao 2/2 na biblioteca Intercentros e do 06/02 ao 03/03 na Biblioteca Provincial de Lugo.
 - Expediráselles un diploma acreditativo a todos os participantes
 7. O lugar e data do veredicto e da entrega de premios será o **21 de novembro ás 20:00 h.** na Biblioteca Universitaria Intercentros. O xurado encargado de decidir os premios será nomeado pola organización. A decisión do xurado será inapelable.
 8. As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela, que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo mención ás autoras ou autores.
 9. Os/As participantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda posible reclamación por dereitos de imaxe.
O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das presentes bases. Calquera incidencia non prevista nelas será resolta pola organización.

Os/As participantes daránlle a cada fotografía un título.

*Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas.